

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONCELLO DE ENTRIMO PARA A INTEGRACIÓN NA REDE DE BIBLIOTECAS DE GALICIA DA SÚA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL

Ámbito competencial

A Consellería de Cultura e Turismo é o órgano da Administración da Comunidade Autónoma ao que lle corresponden as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura e, en concreto, das atribucións en materia de bibliotecas, segundo o establecido no Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a súa estrutura orgánica. Neste sentido, no seu artigo 8, establece que *lle corresponde a xestión do Rexistro de Bibliotecas, dos procedementos de integración na rede, e de creación de novos centros, así como a declaración de bibliotecas de especial interese para Galicia.*

Dentro dese ámbito competencial, a Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia, define a Rede de bibliotecas como un grupo coordinado de bibliotecas que comparten políticas bibliotecarias comúns, así como recursos e servizos, co fin de lograr a prestación do mellor servizo público dispoñible ás persoas usuarias. Segundo establece o artigo 7 da citada lei, *correspóndelle á Consellería de Cultura e Turismo tramitar e resolver os procedementos de integración de bibliotecas públicas ou servizos bibliotecarios na rede, segundo o establecido nesta lei e no seu desenvolvemento regulamentario, como órgano de dirección e coordinación do Sistema galego de bibliotecas, dentro do que se encadran as bibliotecas públicas integradas na Rede de Bibliotecas.*

Con este fin, regúlanse os procedementos de rexistro e integración das bibliotecas públicas municipais na Rede de Bibliotecas de Galicia segundo establece o Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas, segundo establece no artigo 7, *a rede configúrase como a estruturación nun sistema coordinado, dos centros bibliotecarios incluídos no Sistema Bibliotecario de Galicia. Forman parte dela tanto os centros bibliotecarios dependentes directamente da consellería competente en materia de cultura, coma todos os de*



Xacobeo 2021



titularidade pública ou privada que, mediante a sinatura dun convenio, se comprometan a colaborar nos obxectivos de mellora do sistema bibliotecario que se perseguen coa dita rede.

Por outra parte, o concello de Entrimo dentro das súas competencias solicitou a integración na Rede de Biblioteca de Galicia da súa Biblioteca Pública Municipal, despois de que os servizos técnicos desta dirección xeral analizaran a documentación achegada, procedeuse á redacción do correspondente informe de idoneidade e resolveuse a integración na Rede por parte do conselleiro de Cultura e Turismo a través da publicación no DOG da Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios municipais dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Dumbría, Entrimo, Guitiriz, Lousame, Muras, Muros, A Pastoriza, Portas e San Cristovo de Cea na Rede de bibliotecas de Galicia. Para que a integración do centro bibliotecario municipal na Rede adquiera firmeza e sexa efectiva, a normativa en materia de bibliotecas recolle a necesidade da formalización do presente convenio nun prazo máximo de tres meses dende a publicación da orde de integración.

Obxecto

En consecuencia, a Consellería de Cultura e Turismo da Comunidade Autónoma de Galicia e o concello de Entrimo acordan formalizar o convenio que ten por obxecto a inclusión do centro bibliotecario na Rede de Bibliotecas de Galicia.

Importe e tipoloxía dos fondos económicos

A execución do presente convenio non representa incremento de gasto para a Comunidade Autónoma respecto das liñas de traballo establecidas nos plans orzamentarios actuais nin terá repercusión en exercicios futuros, salvo a organización de actividades formativas e os plans e proxectos de cooperación establecidos anualmente nos que os gastos se instrumentarán xuridicamente a través dos correspondentes procedementos administrativos segundo a lexislación aplicable.

Normativa aplicable

- Artigos 44.1 e 149.2 da Constitución Española.
- Artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía da Comunidade Autónoma de Galicia.



Xacobeo 2021



- Artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.
- RD 1531/1989, do 15 de decembro, sobre traspaso das funcións, servizos e medios en materia de cultura á Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 41/2001, do 1 de febreiro, de refundición da normativa en materia de bibliotecas
- Artigo 81 Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 5/2012, do 15 de xuño, de bibliotecas de Galicia.
- Decreto 163/2018, do 13 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura e Turismo.
- Artigo 49 Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.
- Artigo 15.2 Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno
- Orde do 5 de decembro de 2019 pola que se resolve a integración de centros bibliotecarios municipais dos concellos de Cerdedo-Cotobade, Dumbría, Entrimo, Guitiriz, Lousame, Muras, Muros, A Pastoriza, Portas e San Cristovo de Cea na Rede de bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 240, do 18 de decembro de 2019), Código de Procedemento CT 230B).

Interese

A Consellería de Cultura e Turismo ten especial interese en asinar este convenio co obxecto de ampliar a Rede de Bibliotecas de Galicia para que a totalidade dos centros bibliotecarios municipais activos que, neste momento, prestan servizo en Galicia, estean integrados na Rede. Cumprindo polo tanto, o obxectivo de que todas as bibliotecas públicas municipais de Galicia que están activas se atopen en igualdade de condicións á hora de acceder ás axudas públicas que convoca a Consellería de Cultura e Turismo anualmente así como a todos os demais recursos que lle ofrece a administración autonómica á local neste ámbito.

Pola súa parte, o concello de Entrimo pon de manifesto o seu compromiso para acadar o cumprimento eficaz das funcións do centro bibliotecario municipal e a satisfacción dos dereitos das persoas usuarias do mesmo.



Xacobeo 2021



Este convenio será a primeira vez que se asina cun período de vixencia de catro anos a partir da data da súa sinatura, entenderase prorrogado automaticamente por prazos anuais ata o límite máximo previsto no artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

As actividades que ampara son de interese social para a cidadanía galega e veñen a mellorar o acceso á cultura e ao coñecemento da cidadanía galega en xeral e dos usuarios e usuarias das bibliotecas públicas en particular.

Trátase dun convenio de colaboración para achegar á veciñanza de Entrimo e á cidadanía galega en xeral entre outros servizos, o acceso universal ao carné único das bibliotecas públicas de Galicia e ao acceso á Biblioteca Dixital GaliciaLe.

Santiago de Compostela

O director xeral de Políticas Culturais

Anxo M. Lorenzo Suárez

